

- GAUMONT, 120 ANOS**
- DESPOIS DE ABRIL:
CINE PORTUGUÉS 1974-1982**
- FKM 2015**
- DESENCADRES**
- FÓRA DE SERIE: ESTRÉAS**
- FÓRA DE SERIE: CLÁSICOS**
- OFF GALICIA**
- CGAI JÚNIOR**

XUNTA DE GALICIA

A programación do CGAI-FilMOTECA de Galicia corresponde aos meses de setembro e outubro de 2015 está estruturada arredor de dous ciclos e un festival, FKM 2015 (*Freakemacine*), unha de cuxas sedes será o CGAI. Os dous ciclos son os dedicados aos 120 anos da produtora e distribuidora francesa Gaumont (parte deste ciclo exhibirase en Ourense e en Vigo) e *Despois de abril. Cine portugués 1974-1982*, sobre o cine do país veciño realizado nos anos inmediatamente posteriores á *Revolução dos Cravos* (sobre estes últimos informan os textos específicos que figuran a continuación).

No marco das diferentes seccións pasaranse, como decote, filmes de distintos xéneros, épocas e procedencias. En *Fóra de serie* recuperaranse dúas estreas, *Una paloma se posó en una rama a reflexionar sobre la existencia*, a comedia do sueco Roy Andersson que, co seu humor absurdo, conseguiu o León de Ouro en Venecia 2014, e *Bernie*, outra comedia, neste caso a comedia negra que Richard Linklater realizou antes das celebradas e premiadas *Antes del anochecer* y *Boyshood*. O humor transfórmase en drama nos documentais *Equí y n'otru tiempu* e máis *La mirada del silencio*. O primeiro, asinado por Ramón Lluís Bande e gañador da sección *Resistencia*s do Festival de Sevilla 2014, é o rexistro dos lugares en que foron asasinados os maquis asturianos nos primeiros anos do franquismo. O segundo, de Joshua Oppenheimer, constitúe o complemento e ao mesmo tempo o reverso de *The Act of Killing*, unha nova ollada ao xenocidio indonesio, só que desta vez do lado das vítimas. *Fóra de serie* acrecén-tase coa recuperación de *La paura/Angst*, a última das películas do Progetto Rossellini, cuxas primeiras restauracións presentáronse no CGAI en xuño de 2014. Esta adaptación de Stefan Zweig é unha das menos coñecidas colaboracións entre Rossellini e Ingrid Bergman, en parte por mor das diferentes versións remontaxes que se fixeron (unha desas remontaxes foi a que chegou a España co título de *Ya no creo en el amor*).

Off Galicia presenta un programa coas curtas premiadas no último Festival de Cans, unha sesión xa tradicional no CGAI; *A viaxe de Leslie*, o documental de Marcos Nine sobre a figura do actor ¿e espía? Leslie Howard, que faleceu durante a Segunda Guerra Mundial nun accidente aéreo fronte ás costas galegas; e un programa coa curta experimental en Súper 8, *Bionte*, de Lucía Vilela, e o proxecto interdisciplinar *Volonté*, en que o cine e a improvisación sonora se conxugan da man de Marcos Flórez, Helena Gíron, Rafael e Roberto Mallo, Miguel Prado, Lucas Vázquez e, outra vez, Lucía Vilela. Finalmente, dentro desta sección presentaranse dous programas con recuperacións levadas a termo polo CGAI nos últimos meses. Aproveitando a estrea de *Noticiero Folk nº1* (Ramón Barreiro, 1932) prográmase unha sesión con outros dous noticiarios coetáneos (1928-1934), xa exhibidos no CGAI noutras ocasións. *Galicia al día* (Amando Hermida Luaces, 1959) proxectarase fóra do tradicional horario dos sábados a causa da súa longa duración e en catro diferentes programas, cada un dedicado a unha provincia, do modo en que o estruturou o propio autor, emigrado en Arxentina; para este proxecto compilou filmacións realizadas no transcurso de varios anos, durante a segunda metade dos anos cincuenta.

Por último, o CGAI Júnior presenta a recente reposición de *Las vacaciones del señor Hulot*, de Jacques Tati, entrementes a sección *Desencadres* volve ter como protagonista a Stan Brakhage, agora dun programa composto coas 22 primeiras películas da súa serie *Songs* de 1964-1965, filmadas todas elas en 8 mm cando a súa cámara de 16 mm foi roubada e o cineasta se viu abocado a traballar cun equipo e un soporte máis accesibles. Inchadas posteriormente a 16 mm, este será o formato de proxección.

O 27 de outubro celébrase o Día Mundial do Patrimonio Audiovisual, promovido pola UNESCO. Dentro do marco de FKM 2015 proxectarase ese día unha copia en 35 mm de *Possession*, de Andrzej Zulawski, malia todas as sesións das 20.30 h no CGAI estaren dedicadas á recuperación de clásicos de Amando de Ossorio o Georges Franju.

Agradecementos: Ramón Lluís Bande; Alfonso Pato, Festival de Cans; Marcos Nine, Portocabo; Lucía Vilela, Marcos Flórez, (S8) Mostra de Cinema Periférico; Numax, Secretaría Xeral de Política Lingüística; Antonella Bonfanti, Canyon Cinema.

GAUMONT: 120 ANOS

En colaboración con: A Contracorriente Films e



Poucos meses despois da primeira proxección pública dos irmáns Lumière, en xullo de 1895, nacíu a empresa de cine máis antiga do mundo, Gaumont, que logo de 120 anos de traxectoria, segue hogano activa, tanto na súa vertente de produtora, como distribuidora e máis exhibidora de cine. A decisión de León Gaumont de apostar polo futuro do cine foi case simultánea coa invención do cinematógrafo da man dos irmáns Lumière. A primeira curtametraxe da factoría Gaumont, unha serie de fotogramas en movemento, era exhibida en feiras ambulantes naquela “caixa de trucos máxicos”.

Alice Guy, a primeira directora e produtora de cine da historia, comeza a traballar para a factoría e lanza a que foi considerada coma a primeira película da historia, unha combinación de imaxes en movemento e arte teatral, *La fée aux choux* (1896). A partir do ano 1900, Gaumont decide fabricar os primeiros aparatos de proxección e traballa na cor, no son das imaxes e é en 1903 cando, en homenaxe á súa nai Marguerite, decide que o logotipo da súa empresa sexa precisamente unha margarida.

O ciclo que ofrece o CGAI en colaboración coa distribuidora A Contracorriente Films presenta oito significativas longametraxes da traxectoria de Gaumont producidas entre 1953 e a actualidade e abrangue máis de seis décadas. Esta escolma en copias novas dixitais (DCP) combina algúns grandes clásicos con éxitos máis recentes (de *Diálogo de carmelitas* á *La cena de los idiotas*), grandes autores (Max Ophüls, Jean-Luc Godard, Francesco Rosi, Louis Malle, Volker Schlöndorff) con promesas de autores mozos (Guillaume Gallienne). O ciclo complétase con proxeccións nos cineclubs Padre Feijóo (Ourense) e Lumière (Vigo) de *L'Atalante* (Jean Vigo), *Un condenado a muerte se ha escapado* (Robert Bresson), *Banda a parte* (Jean-Luc Godard) y *Van Gogh* (Maurice Pialat).

DESPOIS DE ABRIL. CINE PORTUGUÉS 1974-1982

En colaboración con:

En abril de 2014 cumpríronse 40 anos da *Revolução dos Cravos*, tamén doutra “revolución” que sacudiu os alicerces do cine portugués. Visto hoxe con perspectiva, foi todo o cine europeo o que sufriu unha sacudida, que no seu momento, se callar, non se percibiu como tal, mais que, corenta anos despois, habería que considerar xa como un dos cumios do cine continental ou, para seren máis exactos, da modernidade cinematográfica europea. No decurso duns poucos anos (neste ciclo imos reparar en nove, ata 1982), un país cun nivel de produción moi pequeno sacou á luz múltiples cineastas, como se estes, os máis novos, máis tamén algúns veteranos (desde Manoel de Oliveira aos representantes do Novo Cinema Portugués dos sesenta: Lopes, Rocha), se contaxiasen dese espírito “revolucionario”. João César Monteiro estreárase pouco antes, mais foi neste período cando chegaron as primeiras películas de Jorge Silva Melo, Antonio Reis e Margarita Cordeiro, Antonio Seixas Santos ou João Botelho, entre outros. É unha época de extraordinaria vitalidade en que se producen máis de 120 películas e en que Portugal se sitúa na vangarda do cine europeo; unha época e un conxunto de cineastas e películas que fundan una tradición sen cuxo coñecemento moito do (bo) que está a acontecer actualmente no cine portugués resulta inexplicable.

Agradecementos: Sara Moreira, Cinemateca Portuguesa; João Botelho; Rui Simões; Luís Noronha da Costa; María João Seixas; Manuel Casimiro Oliveira, Bernard Despomaderes, Fernando Jorge Santos, Nos; Martin Pawley; Revista Lumière.

FKM 2015

En colaboración con: Asociación Freakemacine.

A programación do Festival de Cinema Fantástico da Coruña, FKM, na súa sexta edición, estará formada polas seguintes seccións:

I Concurso Internacional de Longametraxes, Ópera Prima, destinado a novos autores que realicen a súa primeira longametraxe. Na sede do CGAI poderán verse tres obras, as restantes serán proxectadas no Forum Metropolitano e nos Cantones Cines. O concurso conta cun xurí que outorgará un trofeo á Mellor película e 3 galardóns, mellor Guión, Efectos especiais e Música orixinal. Tamén haberá un Premio do Público. Estas películas serán anunciadas con anticipación nos webs www.cgai.org e www.freakemacine.org

Homenaxe a Amando de Ossorio. Freakemacine rende homenaxe ao coñecidísimo director coruñés, creador da mítica saga dos cabaleiros templarios cegos. Proxectaremos os dous primeiros títulos da tetraloxía e contaremos coa presenza dunha das súas máis carismáticas actrices, a raíña do grito Lone Fleming.

Especial: Cine de Terror Francés, do *fantastiqué* ao *novo extremismo*. Este ano celebramos o 80º aniversario do cineclub Cercle du Cinéma, xerme da Cinémathèque Française. O festival FKM propón este ciclo de películas que abranguen desde as orixes do xénero *fantastiqué* deica o *novo extremismo* que define aos mozos realizadores. O ciclo realízase coa colaboración do Institut Française, o Festival Internacional de Cine de San Sebastián, o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) e o Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural-Fenosa (MAC).

Agradecementos: Nicolás Peyre, Haline Herlaut, Institut Française, Jose Luís Rebordinos, Quim Casas, Festival Internacional de San Sebastián, Lola Gibaja, Gaumont, Amélie Rayroles, Tamasa Distribution, Fabrice, Lambot, Jean-Pierre Putter, Fabrice Blin, Metaluna Productions, Laure Captier, PROCIREP, Victoria Bernal, EGEDA, Belén Palacios, Daniel Pérez, Anabel Bueno, FilMOTECA Española, Luís G. Rosales, Victory Films, Lone Faerch, David García Sariñeira, Domingo Lizcano, Antonio Garcinuño, Alejandro Blazquez de Nicolás, Celuloide Films, Javier Trigales, Daniel Calles.

Programación Vigo

Auditorio Municipal. Praza do Rei. Vigo
Máis info: www.lumierevigo.com

- Setembro 15, 19.30 h. *Off Galicia O TESOURO DE CORCOESTO* (Cora Peña, 2015) 98’.
- Setembro 22, 19.30 h. *Gaumont UN CONDENADO A MUERTE SE HA ESCAPADO* (Robert Bresson, 1956) 99’. Subt. Castelán.
- Setembro 29, 19.30 h. *Gaumont VAN GOGH* (Maurice Pialat, 1991) 160’. Subtítulos Castelán.
- Outubro 13, 19.30 h. *Gaumont L'ATALANTE* (Jean Vigo, 1934) 82’. Subt. Castelán.
- Outubro 20, 19.30 h. *Gaumont BANDA APARTE* (Jean-Luc Godard, 1964) 95’. Subt Castelán.
- Outubro 27, 19.30 h. *Off Galicia JET LAG / NO NOVO CEIO* (Eloy Domínguez Serén, 2014) 60’.

CONCELLO
DE VIGO



Programación Ourense

Biblioteca Pública Nodal. Concello, 11. Ourense
Máis info: <http://cineclubepf.blogspot.com.es/>

- Setembro 14, 20.30 e 23 h. *Off Galicia JET LAG / NO NOVO CEIO* (Eloy Domínguez Serén, 2014) 60’.
- Setembro 21, 20.30 h. *Gaumont L'ATALANTE* (Jean Vigo, 1934) 82’. Subt. Castelán.
- Setembro 28, 20.30 e 23 h. *Gaumont BANDA APARTE* (Jean-Luc Godard, 1964) 95’. Subt Castelán.
- Outubro 5, 20.30 e 23 h. *Gaumont UN CONDENADO A MUERTE SE HA ESCAPADO* (Robert Bresson, 1956) 99’. Subt. Castelán.
- Outubro 19, 20.30 h. *Gaumont Van Gogh* (Maurice Pialat, 1991) 160’. Subtítulos Castelán.
- Outubro 26, 20.30 e 23 h. *Off Galicia O TESOURO DE CORCOESTO* (Cora Peña, 2015) 98’.

BIBLIOTECA
PÚBLICA NODAL

CINECLUBE
PADRE FEIJÓO

MARTES
setembro
15 18.00 e 20.30 h.
Fóra de serie
Una paloma se posó en una rama...
Roy Andersson. 2015. 100'. DCP. Subt. Castelán

MÉRCORES
setembro
16 18.00 e 20.30 h.
Fóra de serie
Bernie
Richard Linklater, 2011. 99'. DCP. Subt. Castelán

XOVES
setembro
17 18.00 e 20.30 h.
Gaumont
Madame de...
Max Ophüls, 1953. 102'. DCP. Subt. Castelán

VENRES
setembro
18 18.00 e 20.30 h.
Gaumont
Diplomacia
Volker Schlöndorff, 2014. 80'. DCP. Subt. Castelán

SÁBADO
setembro
19 18.00 h.
Off Galicia / Festival de Cans
Soa Cans (Roi Guitián e María Lobo, 2015)
Curricán (Álvaro Gago, 2015)
Deber (Ángel Manzano, 2015)
60' aprox. Vídeo. Presentación. Entrada de balde

setembro
22 18.00 e 20.30 h.
Gaumont
Adios, muchachos
Louis Malle, 1987. 104'. DCP. Subt. Castelán

setembro
23 18.00 e 20.30 h.
Gaumont
Diálogo de carmelitas
P. Agostini e R.L. Bruckberger, 1960. 112'. DCP. Subt. Castelán

setembro
24 19.30 h.
Gaumont
Carmen de Bizet
Francesco Rosi, 1984. 152'. DCP. Subt. Castelán

setembro
25 18.00 e 20.30 h.
Gaumont
La cena de los idiotas
Francis Veber, 1998. 77'. DCP. Subt. Castelán

setembro
26 18.00 h.
Off Galicia / Recuperacións CGAI
Noticiario Folk nº 1 (Ramón Barreiro, 1932)
Noticiario de Vigo (José Gil, c.1928)
Recibimiento de Vigo... (Ramón Barreiro, 1934)
32' aprox. 35mm. Presentación. Entrada de balde

setembro
29 18.00 e 20.30 h.
Gaumont
Weekend
Jean-Luc Godard, 1967. 105'. DCP. Subt. Castelán

setembro
30 18.00 e 20.30 h.
Gaumont
Guillaume y los chicos, ¡a la mesa!
Guillaume Gallienne, 2013. 85'. DCP. Subt. Castelán

outubro
01 20.30 h.
Fóra de serie
Equí y n'otru tiempu
Ramón Lluís Bande, 2014. 70'. DCP. Presentación: R.L. Bande. Entrada de balde

outubro
02 18.00 e 20.30 h.
Fóra de serie
La paura / Angst
Roberto Rossellini, 1954. 83'. DCP. Subt. Castelán

outubro
03 18.00 h.
Off galicia
A viaxe de Leslie
Marcos Nine, 2014. 75'. Vídeo HD. Presentación: M. Nine. Entrada de balde

outubro
06 18.00 e 20.30 h.
Fóra de serie
La mirada del silencio
Joshua Oppenheimer, 2014. 103'. DCP. Subt. Castelán

outubro
07 20.30 h.
Despois de abril
Brandos costumes
Alberto Seixas Santos, 1974. 72'. 35mm.

outubro
08 20.30 h
Despois de abril
Deus, pátria, autoridade
Rui Simões, 1975. 103'. Subt. Castelán

outubro
09 18.00 e 20.30 h.
Off Galicia/Galicia al día
La Coruña al día
Amando Hermida Luaces, 1959. 41' e 43' (dúas versións). Vídeo HD. Entrada de balde

outubro
10 18:00 h.
Off Galicia
Bionte
(Lucía Vilela, 2015)
Volonté (Marcos Flórez e outros, 2015)
35' aprox. Súper 8 / Vídeo HD. Presentación: L. Vilela e M. Flórez. Entrada de balde

outubro
13 18.00 h.
Off Galicia/Galicia al día
Lugo al día
Amando Hermida Luaces, 1959. 47'. Vídeo HD. Entrada de balde

20.30 h.
Despois de abril
Gente da Praia da Vieira
António Campos, 1975. 73'. 35mm.

outubro
14 18.00 h.
Off Galicia/Galicia al día
Orense al día
Amando Hermida Luaces, 1959. 69'. Vídeo HD. Entrada de balde

20.30 h.
Despois de abril
Tras-os-Montes
António Reis e Margarida Cordeiro, 1976. 111'. 35mm. Subt. Galego*

outubro
15 18.00 h.
Off Galicia/Galicia al día
Pontevedra al día
Amando Hermida Luaces, 1959. 50'. Vídeo HD. Entrada de balde

20.30 h.
Despois de abril
O construtor de anjos (Luis Noronha da Costa, 1978)
Nós por cá todos bem
Fernando Lopes, 1976. 123'. 16mm.



outubro
20 18.00 h.
Off Galicia/Galicia al día
Lugo al día
Amando Hermida Luaces, 1959. 47'. Vídeo HD. Entrada de balde

20.30 h.
Despois de abril
Silvestre
João César Monteiro, 1981. 118'. 35mm. Subt. Galego*

outubro
21 18.00 h.
Off Galicia/Galicia al día
Orense al día
Amando Hermida Luaces, 1959. 69'. Vídeo HD. Entrada de balde

20.30 h.
Despois de abril
Conversa acabada
João Botelho, 1981. 104'. 35mm. Subt. Galego*

outubro
22 18.00 h.
Off Galicia/Galicia al día
Pontevedra al día
Amando Hermida Luaces, 1959. 50'. Vídeo HD. Entrada de balde

20.30 h.
Despois de abril
Gestos & fragmentos
Alberto Seixas Santos, 1982. 90'. 16mm. Subt. Galego*

outubro
23 19.30 h.
Despois de abril
A ilha dos amores
Paulo Rocha, 1982. 169'. 35mm.



outubro
24 18.00 h.
CGAI Júnior
Las vacaciones del señor Hulot
Jacques Tati, 1953. 88'. Subt. Galego. Entrada de balde

outubro
27 18.00 h.
FKM 2015/Opera prima
Título pendiente confirmación. Entrada de balde
20.30 h.
FKM 2015
Possession
Andrzej Zulawski, 1981. 124'. 35mm. Subt. Castelán*. Entrada de balde
DÍA MUNDIAL DO PATRIMONIO AUDIOVISUAL

outubro
28 18.00 h.
FKM 2015/Opera prima
Título pendiente confirmación. Entrada de balde
20.30 h.
FKM 2015
El ataque de los muertos sin ojos
Amando de Ossorio, 1973. 88'. Betacam. Presentación: J. Trigales. Entrada de balde

outubro
29 18.00 h.
FKM 2015/Opera prima
Título pendiente confirmación. Entrada de balde
20.30 h.
FKM 2015
La noche del terror ciego
Amando de Ossorio, 1971. 97'. 35mm. Presentación: L. Fleming. Entrada de balde

outubro
30 18.00 h.
FKM 2015
Super 8 Madness!
Fabrice Blin, 2014. 91'. Vídeo. Subt. Castelán. Presentación: F. Blin e F. Fasulo. Entrada de balde
20.30 h.
FKM 2015
Los ojos sin rostro
Georges Franju, 1959. 88'. 35mm. Subt. Castelán*. Presentación: Q. Casas. Entrada de balde

outubro
31 18.00 h.
FKM 2015
El fantástico mundo de Juan Orol
Sebastián del Amo, 2012. 94'. Vídeo. Entrada de balde



CGAI  CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
FILMOTECA DE GALICIA

Programación | 233 |
setembro
outubro | 2015 |

Información xeral
Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións. As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación  sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada
• Xeral: 1'20 €
• Carné Xove: 0'60 €
• Abono para 10 sesións: 9 €
• As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270
Fax: 881 881 271
E-mail: programacion.cgai@xunta.es

Subtitulado electrónico*
Subtitula'm S.L.

Información adicional
www.cgai.org

AGADIC

Agencia Galega das Industrias Culturais



XUNTA DE GALICIA

galicia